AFORRAMOS AUGA

5ºB

O martes vintetrés de abril dúas persoas da Fundación Mapfre viñeron falarnos sobre a auga do planeta e como poderiamos aforrala.
Disfrazados do profesor Nen e da profesora Nam, expertos en auga e enerxía, ensináronnos como debemos aforrar auga, porque sen ela non poderiamos sobrevivir, sen auga non habería vida na Terra. Por iso é importante concienciarse desde pequenos en aprender determinados comportamentos que hai que ter para gastar só a auga necesaria, así como diminuír a súa contaminación.
A auga é considerada, xunto co lume, o aire e a terra un dos catro elementos fundamentais do mundo.
Está formada a partir de átomos de hidróxeno e osíxeno: H2O.
Na natureza non se atopa en estado puro, se non mesturada con minerais e outras moitas substancias.
A aparente abundancia de auga da a impresión de

que se trata dun ben inagotable o que leva ao home a derrochala.
A auga é un recurso económico do mesmo valor cos minerais. Debe ser administrada racionalmente.
Puxéronnos unhas imaxes coas que nos explicaron o reparto da auga no noso planeta. Dixéronnos que o 97% da auga do planeta é salgada e está nos mares e océanos, e o outro 3% é de auga doce. Dese 3% de auga doce un 2% está nos polos e nas nubes e só un 1% está nos ríos e nos lagos.

Explicáronnos que unha soa pila pode contaminar hasta 600.00 l de auga, un litro de aceite hasta 1000 l de auga e que en Galicia unha persoa consume ata 150 l de auga ao día.
Podemos axudar non botando os aceites polos desaugadoiros senón que hai que botalos en botellas baleiras e levalos aos colectores especiais. Temos que usar cantidades pequenas de xabón e de lexía, tamén usar deterxentes ecolóxicos, sen fosfatos e incluso sería bo facer na casa o noso propio xabón a partires dos restos de aceite.

Toda a auga que utilizamos convértese en auga residual que van as depuradoras para ser vertidas de novo aos ríos. E a vez estamos facendo un ben ecolóxico pois estamos coidando a fauna e a flora, evitando a súa desaparición.
Máis tarde ensináronnos un vídeo onde uns debuxos daban consellos para poder aforrar auga no lugar da casa onde máis gastamos, o cuarto de baño.

CONSELLOS

- Ducharse en vez de bañarse.
- Pechar o grifo ao lavarse os dentes, as mans e mentres nos enxaboamos.
- Hai que utilizar o botón de media carga nas cisternas.

OUTROS CONSELLOS:

- Regar as plantas pola mañá ou pola noite. Usar sistemas e rego eficientes.
- Pechar ben os grifos a arranxar canto antes as avarías.
- Podemos colocar mecanismos de aforro de auga nas billas.
- As lavadoras e lavavaixelas gastan moita auga. Deben usarse cando estean cheas.
- Ao mercar electrodomésticos ter en conta o consumo de auga e enerxía.

Tamén fixemos un xogo interesante: o profesor Nen e a profesora Nan puxeron catro pequenos contedores: azul –papel e cartón, amarelo– envases de plástico, verde e amarelo – materiais orgánicos e verde – cristal, e baleiraron na mesa da mestra unha bolsa de lixo. Repartiron o lixo e cada un de nós debía depositalo no contedor correcto. Foi un xogo divertido co que aprendemos a reciclar.
Por último ensináronnos un rap que axuda a que chova, dicía así:

"Coa auga lavo,
coa auga vivo,
se aforro auga
o planeta mimo".

MARCOS GARCÍA LAMAS; EDUARDO GARCÍA MUÑÍZ;
EVA GONZÁLEZ TOJO; PABLO MARIL CARREGAL;
MARTA MARTÍNEZ BLANCO

EDELVIVES

DICIONARIO XERAIS DE PRIMARIA
dxp
XERAIS

ALFAGUARA
Obradoiro

Santillana
Seguimos avanzando